

Suxestión dirixida ao Concello das Pontes de García Rodríguez para que respectando a súa autonomía local e a capacidade organizativa, valore a conveniencia de implementar un instrumento de mediación e convivencia cidadá, que cun enfoque pedagóxico e pacífico apoie e oriente ás partes en conflito co fin de procurar unha solución áxil e eficaz que resolva a problemática da veciñanza afectada, minimizando o deterioro da calidade de vida das persoas implicadas, que se perpetúen ditas condutas no tempo e que se reduzan as súas consecuencias evitando, no seu caso, recorrer a outras instancias ao tempo que se acada unha sociedade menos litixiosa.

E recordatorio de deberes legais: “Primeiro: Recordámoslle que si efectuada a valoración do informe da sección de urbanismo dese concello se procedera, no seu caso, a incoar expediente sancionador, ten a obriga de resolvelo en tempo e forma segundo o preceptuado pola lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normativa de aplicación.

Segundo: Recordámoslle que de conformidade co disposto na normativa de réxime local e de procedemento administrativo o Concello das Pontes de García Rodríguez debe contestar expresamente os escritos presentados polo promotor deste expediente de queixa, se non o tivera feito na data en que reciba esta resolución e en xeral, no seu caso, sobre os escritos presentados pola cidadanía.

Expediente: C.8.Q/11571/23

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2024

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. XXX referente a queixas por mor dos ladridos dun can na Avenida de Vilalba do Concello das Pontes de García Rodríguez.

#### ANTECEDENTES

**PRIMEIRO.-** Con data do 19.05.2023 o promotor deste expediente formulou queixa ante a Valedora do Pobo, na que se indica na súa literalidade que :

“El problema del Expediente expuesto en queja U.8.Q/10541/21 no se ha solucionado y de hecho ha empeorado. Adjuntamos informe de la policía local constatando sus actuaciones hasta la fecha”.

O promotor da queixa aporta copia do informe da Policía Local de As Pontes de García Rodríguez, emitido a petición de outra veciña, relativo ás queixas por mor dos ladridos dun can na Avenida de XXX. A finca en cuestión, atópase a altura do número XX da Avenida de XXX, sendo solo urbano non consolidado, con referencia catastral XXX.

**SEGUNDO.-** A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe a ese concello con data do 30.05.2023.

**TERCEIRO.-** Con data do 16.06.2023 recíbese nesta institución un informe remitido polo ente local no que se fai constar literalmente o seguinte:

“Dando resposta á súa solicitude de remisión de informe en relación a queixa presentada por un cidadán deste Concello, xunto con este oficio remítolle o informe elaborado polo oficial-xefe da Policía Local, no que informa dos feitos que deron lugar a queixa e o estado das actuacións levadas a cabo. Ase mesmo, tamén lle informo que por parte deste concello, continuaranse levando a cabo todas as actuacións necesarias para evitar as molestias aos veciños.

#### INFORME DA POLÍCIA LOCAL

ASUNTO: SOLICITUDE DE INFORME POR QUEIXA DUN VECIÑO

IDENTIFICACIÓN: XXX

DESTINATARIO: VALEDORA DO POBO

En data 6 de xuño, tivo entrada no Rexistro do Concello das Pontes un escrito asinado pola Valedora do Pobo, no cal se solicita que se emita informe acerca dos motivos que deron lugar a unha queixa e o estado das actuacións que se levaron a cabo.

Dita queixa ven motivada polos ladridos dun can e o ruído producido por un veciño que habitualmente se atopa nunha autocaravana estacionada nun solar preto do domicilio da persoa que formula a queixa.

A finca en cuestión, atópase a altura do número XXX da Avenida de XXX, sendo solo urbano non consolidado, con referencia catastral XXX, propiedade de XXX.

Ten un fronte a vía pública de uns 25 metros e posúe un valado de placas de formigón de uns dous metros de altura. A entrada á mesma faise a través dun portalón metálico duns cinco metros de ancho por dous de alto, provisto de pechadura.

Neste solar, atópase estacionado un turismo marca XXX modelo XXX, que segundo as placas de matrícula, é propiedade de XXX., XXX presentando todos os requisitos necesarios para circular. O seu propietario figura empadroado na Rúa XXX desta localidade.

Durante os dous últimos anos, recibíronse nesta xefatura de Policía moitas chamadas telefónicas queixándose dos ruídos producidos polo can dun veciño, ase como do producido polo propietario do vehículo.

Axentes da Policía acudiron ao lugar onde se atopa o can en varias ocasións, podendo constatar que as veces é verdade que o can ladra, xa ben sexa pola presenza de persoas pola beirarrúa ou pola presenza de outros animais nas proximidades.

En canto a que ladra pola noite, case nunca se pode comprobar se é certo ou non, pois este cadro de persoal non conta co número de efectivos suficiente para traballar en quendas de noite.

Funcionarios desta xefatura entrevistáronse co propietario do can en varias ocasións, informándoo de que debe cesar neste comportamento, tanto o can coma el. Nun principio manifestou que ía tomar medidas para non facer ruído e que o can estivera tranquilo. Do mesmo xeito tamén manifesta que o can é da súa filla e que esta está rematando de facer unha casa. Tan pronto a casa estea rematada, a súa filla levará o can con ela.

Tamén se emitiu un informe para a área de urbanismo deste concello, para que por técnicos municipais comprobaran se era legal a estancia do turismo no terreo anexo ó edificio onde viven a maioría das persoas que dan as queixas.

Dende a sección de urbanismo, informan de que visto que o problema vai a máis, iniciarán un expediente para comprobar a legalidade da permanencia do vehículo na finca. Ase mesmo, se fose necesario tamén se procedería a facer unhas medicións de ruído para comprobar se o nivel deste se atopa nos parámetros permitidos.

Pola parte do que subscribe darase orde aos axentes para que sigan comprobando dunha forma máis exhaustiva se o can ou o seu dono continúan a perturbar a convivencia e o descanso dos veciños.”

**CUARTO:** Con data do 30-06-23 concluíase provisionalmente o expediente baseándonos nos informes recibidos. Deste xeito: “Analizado o seu escrito de queixa e o exposto no informe do citado concello, é preciso significarlle que, neste momento, segundo ven de informar o propio ente local, o concello está a actuar co fin de mitigar a problemática exposta por vostede, segundo se fai constar no mesmo, polo que non hai motivación para continuar practicando actuacións de supervisión e control sobre o Concello das Pontes de García Rodríguez.

Por todo o sinalado, non parece preciso continuar a investigación iniciada como consecuencia do seu escrito de queixa e conclúese este expediente C.8.Q.11571/23, sen prexuízo de reabrilo á súa instancia se vostede nos comunica novos datos ou circunstancias non coñecidos ou tidos en conta nas actuacións realizadas ata este momento.”

**QUINTO:** Posteriormente o 14 de febreiro do 2024 e o 15 de abril do 2024, o promotor da queixa remite novos escritos nos que lembra que xa no ano 2021 tramitárase o expediente 10541/21 e que ao persistir a problemática denunciaron “decenas de veces, sen recibir resposta algunha” indicando que precisaban “unha solución definitiva que termine coa ameaza a nosa salubridade e nosa tranquilidade, que se clarexe si teñen cédula de habitabilidade para vivir nese vehículo... onde obteñen electricidade, onde baleiran os residuos...”

#### ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

**Primeira:** Segundo o que se fai constar no informe da Policía Local:

“Dita queixa ven motivada polos ladridos dun can e o ruído producido por un veciño que habitualmente se atopa nunha autocaravana estacionada nun solar preto do domicilio da persoa que formula a queixa...”

“Durante os dous últimos anos, recibíronse nesta xefatura de Policía moitas chamadas telefónicas queixándose dos ruídos producidos polo can dun veciño, ase como do producido polo propietario do vehículo”

“Pola parte do que subscribe darase orde aos axentes para que sigan comprobando dunha forma máis exhaustiva se o can ou o seu dono continúan a perturbar a convivencia e o descanso dos veciños”

Dedúcese, pois que hai un problema de convivencia que persiste no tempo.

**Segunda:** Ante este tipo de situacións e comportamentos, primeiramente consideraríase axeitado enfocar a súa abordaxe de xeito pacífico e pedagóxico, brindando apoio ás partes implicadas, facilitando a comunicación cara a definir o problema, concretar solucións e restaurar dalgún xeito un nivel de convivencia social aceptable.

**Terceira:** Cómpre partir da consideración de que a convivencia na comunidade implica a aceptación e o cumprimento das normas sociais que fan posible o exercicio dos dereitos individuais das persoas ao tempo que se fan compatibles co exercicio dos dereitos dos demais.

**Cuarta:** Por elo e coa finalidade de superar as situacións de conflito xurdido entre o promotor deste expediente de queixa e a veciñanza denunciada, un instrumento que podería incardinar orientación e apoio, auxiliando ás partes a fin de xestionar tanto o aspecto relacional como o asunto obxecto da denuncia sería a creación dunha oficina de convivencia cidadá ou calquera tipo de recurso público, que ese concello considerase.

A finalidade dun instrumento desta natureza, cuxa razón de ser inicial é a de converterse nun recurso ao servizo dos Axentes da Autoridade, facilitaría a comunicación entre as persoas interesadas e constituiría unha fórmula rápida e sinxela onde se ofrecería ás partes un tempo e un espazo para atopar algunha solución que resolva a problemática de xeito que non se perpetúe no tempo con eventuais consecuencias impredecibles.

**Quinta:** Pola tipoloxía dos asuntos, así como pola proximidade das persoas afectadas, a mediación que se podería propoñer dende esa oficina procuraría reducir ao mínimo a burocracia e os trámites que acompañan a este tipo de procesos. Esta liña de intervención tería o propósito de conseguir con axilidade e eficiencia non so unha solución ao problema senón a consecución dun dos piares ou obxectivos fundamentais como é o de educar na convivencia.

**Sexta:** A *"Ley 7/1985, de 2 de abril Reguladora de las Bases de Régimen Local"* no seu artigo 25 dí: *"El Municipio, para la gestión de sus intereses y en el ámbito de sus competencias, puede promover actividades y prestar los servicios públicos que contribuyan a satisfacer las necesidades y aspiraciones de la comunidad vecinal en los términos previstos en este artículo."*

Compre invocar así mesmo o *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales*, nomeadamente os artigos 1, 4 e 5.

A Lei 5/1997, de 22 de xullo da Administración Local de Galicia, no seu artigo 80 prevé: *"O municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar tódolos servicios públicos que contribúan a satisfacer las necesidades e aspiracións da comunidade de veciños."*

Toda vez que os entes locais para regular determinadas conductas da cidadanía ou para organizar os seus propios servizos poden ditar disposicións de carácter xeral, como serían as ordenanzas e dita potestade normativa local é unha manifestación da súa autonomía local, vaise formular unha resolución co obxectivo de que problemáticas como a exposta nesta queixa e outras similares das que temos coñecemento nesta institución polas queixas ou consultas que se formulan, atopen unha vía de solución, que evite a xudicialización do conflito.

Todo elo dende a consideración por unha banda, de que a potestade de autoorganización e reglamentaria municipal constitúe un instrumento clave para encauzar as regras de xogo da convivencia cidadá satisfacendo as necesidades e aspiracións das comunidades veciñais e doutra, do respecto desta institución á autonomía municipal para a xestión dos seus intereses, acuñada pola Constitución no seu artigo 137 e pola Carta Europea de Autonomía Local en relación co artigo 140 da CE.

## CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar ao Concello das Pontes de García Rodríguez a seguinte **suxestión**:

*“Que respectando a súa autonomía local e a capacidade organizativa, valore a conveniencia de implementar un instrumento de mediación e convivencia cidadá, que cun enfoque pedagóxico e pacífico apoie e oriente ás partes en conflito co fin de procurar unha solución áxil e eficaz que resolva a problemática da veciñanza afectada, minimizando o deterioro da calidade de vida das persoas implicadas, que se perpetúen ditas condutas no tempo e que se reduzan as súas consecuencias evitando, no seu caso, recorrer a outras instancias ao tempo que se acada unha sociedade menos litixiosa.”*

E o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

*“Primeiro: Recordámoslle que si efectuada a valoración do informe da sección de urbanismo dese concello se procedera, no seu caso, a incoar expediente sancionador, ten a obriga de resolvelo en tempo e forma segundo o preceptuado pola lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normativa de aplicación.*

*Segundo: Recordámoslle que de conformidade co disposto na normativa de réxime local e de procedemento administrativo o Concello das Pontes de García Rodríguez debe contestar expresamente os escritos presentados polo promotor deste expediente de queixa, se non o tivera feito na data en que reciba esta resolución e en xeral, no seu caso, sobre os escritos presentados pola cidadanía”.*

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo